

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Extraordinaria para o **debate e votación de moción de censura**.

Data: 25 de febreiro do 2025

Duración: Dende as 12:00 até as 13:10 horas.

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidencia: MESA DE IDADE, composta por D^a María Beatriz Molinos Vidal e D. Anxo Núñez Fernández.

Secretaria: CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
8451*	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924*	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
7970*	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610*	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
8438*	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272*	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
8177*	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
7871*	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650*	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
3278*	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
7931*	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
2600*	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
2777*	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Declarada aberta a sesión pola Secretaria, e trala lectura do art. 197 LOREX, **procédese a constituír a Mesa de Idade**, integrada polos membros asistentes de maior e menor idade presentes no acto, segundo dispón o artigo 197.1.d) LO



5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), quedando integrada por D^a María Beatriz Molinos Vidal, concelleira electa de maior idade e que exercerá as funcións de Presidencia da Mesa, e por D. Anxo Núñez Fernández, concelleiro electo de menor idade.

Acto seguido pola Presidenta da Mesa de Idade procédese a dar lectura da Moción de Censura presentada, punto único da orde do día desta sesión, e cuxo tenor literal é o seguinte:

"MOCIÓN DE CENSURA contra D. Manuel González López, actual Alcalde do Concello de Outes, en base ás seguintes consideracións políticas que a motivan:

Os/as asinantes, concelleiros e concelleiras do Concello de Outes, representantes dos Grupos Políticos Municipais do Partido Popular e do Grupo Mixto de Outes, comprométense a desenvolver, a través da figura legal da Moción de Censura, un proxecto de rexeneración política e social no noso municipio.

Para este proxecto, que engloba á maioría electoral reflectida nas urnas nas eleccións municipais do pasado 2023, apoiámonos en varias evidencias que queremos poñer de manifesto neste texto de Moción de Censura contra o Alcalde do Concello de Outes, D.Manuel González López.

No actual sistema electoral, regulado na Lei Orgánica do Réxime Xeral Electoral, a Moción de Censura queda perfectamente definida, indicando que o Alcalde pode ser destituído mediante Moción de Censura e que esta deberá ser proposta, polo menos, pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal. Polo que a propia lei deixa claro que o noso sistema é un sistema de maiorías, contando os grupos asinantes coa maioría necesaria para levar a bo porto dita tarefa.

Non só contamos coa maioría de Concelleiros e Concelleiras, senón que contamos coa maioría de votos emitidos nas anteditas eleccións, un 52,62%. A suma de votos dos dous grupos asinantes é de 1.968, correspondentes a outros tantos veciños que confiaron nos nosos proxectos políticos, co fin de que a situación en Outes cambiase de rumbo.

Estamos convencidos/as de que cada unha desas 1.968 persoas desexaban un cambio real do noso municipio e unha alternativa no goberno, e ao noso xuízo, o máis importante, un cambio na forma de xestionar, diferente ao que se está facendo.

A veciñanza de Outes, non se merece continuar padecendo ao actual Goberno Municipal. O momento non é fácil, nin economicamente nin socialmente, pero sí é o momento da responsabilidade, de ser valentes, e de actuar. Sería inexcusable agochar a cabeza agora e mirar para outra parte. Non podemos seguir mantendo esta situación cando é posible cambiala. Quedarnos á marxe agora sería imperdoable.



A cidadanía elixiunos para tomar decisións en momentos difíciles, como o actual, en base a uns principios e en beneficio de Outes, por encima de intereses particulares que tenden a deixar pasar o tempo para lograr maior rédito electoral á conta do sacrificio de todo un Concello. Eliximos o responsable, non o cómodo, pero convencidos/as de que o facemos en beneficio do noso Concello e dos veciños e veciñas, que nos outorgaron a maioría aos partidos que propoñemos esta moción. Parte dos motivos que nos levan a dar este paso, son os seguintes:

- Outes, na actualidade, ten un alcalde que no seu momento non obtivo o apoio maioritario das urnas, e agora, tras a ruptura do grupo de investidura, tampouco conta co apoio do Pleno da Corporación, propiciando así a imposibilidade de dar estabilidade o Concello de Outes.*
- Ao longo do que vai de mandato non se mantivo coa oposición un mínimo diálogo para chegar a acordos, convocáronse Plenos de forma atropelada por non levar un control e un orde nos asuntos municipais.*
- Non se aprobaron asuntos de vital importancia, como o Orzamento Municipal Anual, o documento máis relevante de calquera administración.*
- Non foron quen de iniciar ningún dos exercicios do actual mandato con este Documento non aprobado nin presentado ao Pleno, incumprindo unha das normas máis importantes para o correcto funcionamento de calquera Administración.*
- Incapacidade para xestionar o día a día.*
- Non se lle está dando unha atención adecuada os veciños.*
- Incapacidade de pago nun tempo razoable aos provedores, sendo concello que máis tarda en pagar da comarca.*
- Non hai seguimento adecuado das obras que se realizan.*
- Non hai control do gasto.*
- Hai un abandono xeralizado das aldeas do Concello e falta de mantemento adecuado dos espazos públicos.*
- Falta de transparencia.*

O acordo de Moción de Censura propón unha rexeneración política e social necesaria para Outes. Este acordo que alcanzamos vai máis aló das siglas e dos intereses propios de cada Grupo, aparca as diferenzas ideolóxicas e fórxase cun sentido da responsabilidade cos veciños e veciñas do noso Concello.

O acordo baséase nuns piares programáticos que todos/as consideramos indispensables para asegurar o desenvolvemento social e económico, ata o de agora lastrados por unha visión desconectada da realidade.

A folla de ruta que seguiremos será a marcada polo cumprimento do contido no noso programa electoral.

Estamos lexitimados/as para gobernar e estamos motivados/as para asumir esa labor, porque esa é a nosa responsabilidade ante unha veciñanza que xa hai tempo que está a dicir a berros que non aguanta máis.



Dentro da regulación legal establecida, e facendo uso das ferramentas democráticas dun estado constitucional, os sete concelleiros asinantes desta moción, acordan dar unha resposta contundente á ampla demanda cidadá de cambio de xestión e de rumbo, acrecentada nas últimas datas.

Así mesmo, de consenso entre todos os/as Concelleiros/as asinantes desta Moción de Censura, propoñemos como candidato á Alcaldía a D.Francisco Calo Abelleira, que acepta de forma expresa ser o Alcalde do equipo de goberno que, de prosperar esta Moción de Censura, se conformará a partir de agora e co que se traballará para desenvolver unha acción de goberno froito do diálogo, o debate, o respecto e a confrontación de ideas para chegar a acordos. Un programa centrado no desenvolvemento económico, na mellora do medio ambiente, no fomento das nosas tradicións, no desenvolvemento rural e na protección social, na igualdade de oportunidades e na transparencia do noso Concello.

A teor do exposto, e de conformidade co disposto no art.197 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral, modificada pola Lei Orgánica 8/1999 do 21 de abril, preséntase esta MOCIÓN DE CENSURA contra D.Manuel González López, actual Alcalde do Concello de Outes, e todo iso en base a os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- A presente Moción de Censura preséntana SETE Concelleiros/as do Concello de Outes que constitúen a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Os/as Concelleiros/as que subscriben a Moción de Censura propoñen a D.Francisco Calo Abelleira, como Alcalde do Concello de Outes, cuxa aceptación expresa se anexa a seguir.

TERCEIRO.- Esta proposición de Moción de Censura, preséntase ante a Secretaria Xeral da Corporación para os efectos de que autentifique as firmas dos/as Concelleiros/as que subscriben o presente escrito e acredite que a Moción de Censura reúne os requisitos esixidos no art.197 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral. Por todo o anteriormente exposto,

SOLICITAMOS:

Que se teña por presentada esta proposición de Moción de Censura contra D. Manuel González López e sírvase admitila, dispoñendo os trámites legais necesarios para levala a termo. Así mesmo e de conformidade co art.197.1.c) da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral, quedará o Pleno automaticamente convocado para as doce horas do décimo día hábil seguinte ao do seu rexistro.



PROPOSICIÓN DE CANDIDATO ALTERNATIVO

Os/as Concelleiros/as que subscriben a presente Moción de Censura, propoñen a D. Francisco Calo Abelleira, Concelleiro da Corporación Municipal, como Alcalde do Concello de Outes, cuxa aceptación expresa, se anexa a seguir.”

A continuación a Presidenta da Mesa constata que nese mesmo momento **mantéñense os requisitos esixidos nos tres párrafos do artigo 197.1.a)** na súa redacción dada pola LO 2/2011, e concede o uso da palabra aos membros asistentes que interveñen pola seguinte orde:

En primeiro lugar, intervén o candidato alternativo á Alcaldía D. Francisco Calo Abelleira, que se expresa nos seguintes termos:

“Bo día, vou a intentar facer un resumo das causas que nos levaron a tomar a decisión de presentar esta Moción de Censura.

Nas pasadas eleccións municipais do ano 2023, no noso Concello, presentáronse 4 candidaturas correspondentes a 4 grupos políticos distintos con 4 programas electorais diferentes.

Ese día, os veciños de Outes, co seu voto, fixeron clara gañadora a unha desas 4 opcións, á do Partido Popular.

O noso Grupo foi ademáis a única forza política, entre todas as que se presentaron que subeu en votos en todas as mesas electorais do municipio, quedando a escasos 60 votos de lograr a maioría absoluta. Así foi, e aí están os datos para contrastalo.

Non foi como manifestou nas redes sociais algún membro desta Corporación, decindo que o PP perdera as eleccións e volvendo a reiteralo noutras intervencións.

Por fortuna, a realidade adoita a impoñerse sobre o relato e, Non por repetir unha mentira moitas veces, esta se convirte en verdade.

A partir de aí, remitirémonos ás palabras que nunha intervención pública feita naquel momento pronunciou D. Manuel González López, na que literalmente dicía:

“É responsabilidade das distintas forzas políticas buscar unha vía de entendemento para acadar un acordo que garanta a gobernabilidade do Concello”.

Así as cousas, as tres forzas políticas que perderon as eleccións, chegaron a un acordo lexítimo e legal, tal e como o noso Grupo manifestou no Pleno de Organización deste mandato celebrado o 24 de xullo do 2023 e como así figura na acta do mesmo.

Outra vez quixera sulñar que foi así e non, como fai uns días, dixo públicamente en redes sociais un membro do Grupo de Goberno do BNG, que manifestaba literalmente:

“O PP dixo que o noso goberno era ilexítimo”.

Nos nunca dixemos iso, a persoa que puxo esas manifestacións na nosa boca, agora ten a oportunidade de retractarse.



Volvo a reiterar: Non por repetir unha mentira moitas veces, esta se convirte en verdade.

Deste xeito naceu un Goberno Municipal formado por 3 opcións políticas distintas, o cal estivo, (segundo a nosa opinión con poucos acertos e con moitos erros), ao fronte deste Concello durante os últimos casi dous anos.

E foi o pasado día 4 de febreiro, cando se consumou definitivamente a fractura dese proxecto tripartito, pasando así a non cumprirse as premisas de estabilidade e garantía de gobernabilidade ás que facía referencia o Sr. González no ano 2023, e pasando así, tamén, a que Outes tivese un alcalde que xa antes non contaba co apoio maioritario das urnas, pero que, a partires dese momento, tampouco conta co apoio maioritario do Pleno da Corporación, que é, finalmente o Órgano competente para nomear ao Alcalde, e para destituilo tamén.

Sen a confianza dos veciños e agora, sen a confianza do Pleno, este Goberno só pode aportar a Outes inoperancia e inestabilidade.

Non podemos pasar por alto que tamén é certo que a inestabilidade e falta de entendemento do Goberno Tripartito, que se concretou o pasado día 4 de febreiro, xa se viña percibindo dende fai meses, observándose tensións entre os seus membros.

Esta situación traduceuse, durante os últimos meses, en empeorar, aínda máis a xestión municipal que se estaba levando, con, entre outras, as seguintes consecuencias:

Precaria atención aos veciños

Ausencia de Orzamento Municipal

Retrasos intolerables nos pagos aos provedores

Tardanza no comenzo de execución de obras aprobadas

Aldeas en estado de abandono xeral

En fin, un largo etc. de situacións non dexasables.

Chegados a esta situación e sendo o Grupo con máis representación da Corporación Municipal, non podemos mirar para outro lado e asumimos a responsabilidade á que se refería o Sr. González no seu día.

Volvemos a recordar literalmente a súa frase:

“É responsabilidade das distintas forzas políticas buscar unha vía de entendemento para acadar un acordo que garanta a gobernabilidade do Concello”,

e recalco, decía o Sr. González “distintas forzas políticas”, porque non será que o que vostede consideraba un “consenso dialogado e democrático entre distintas forzas políticas” no ano 2023, agora, a mesma fórmula a considere “un erro e unha anomalía” ou como teñen dito outros compañeiros seus “unha compra-venta”.

Esperamos que non se contradiga e siga estando de acordo con vostede mesmo. Pois ben, despois de aberto o diálogo e chegado a un entendemento, tocounos tomar unha decisión, (nada fácil por certo), pero o compromiso que adquirimos



cos veciños en maio do ano 23, entre outras cousas inclúe precisamente a toma de decisións por moi difíciles que estas sexan, e esta foi unha delas.

Nos o que queremos é que Outes teña xa, un Goberno estable e de entendemento, que mire polos intereses e solucione os problemas dos veciños, que a súa acción vaia sempre dirixida a que os outenses teñamos cada vez unha mellor calidade de vida.

Traballaremos dende o primeiro minuto coma un único Goberno, onde non se dean situacións coma as vividas ata o de agora, nas que os veciños percibían a existencia de tres gobernos distintos e independentes, de tal maneira que as actuacións non se priorizaban por necesidades reais, senón polo reparto de fondos entre as distintas cores políticas.

En resumo, queremos un Goberno que se dedique a xestionar seriamente a vida municipal e que non perda un só segundo en liortas internas que nada aportan e todo dificultan:

Un Goberno que escoite

Un Goberno que informe

Un Goberno que xestione

Un Goberno que cumpra

Despois de todo o dito, non quero deixar de poñer de manifesto que se esta Moción de Censura prospera e este Pleno, hoxe, me nomea Alcalde de Outes, espero, como non debería ser doutra maneira, que haxa unha transición cordial e tranquila, para que a partir dese momento nos poñamos todos, (cada un dende o lugar que lle corresponda), a traballar en beneficio dos veciños de Outes.

Así mesmo quero dicir que, pola miña parte, seguiría estando aberto ao diálogo con todas as forzas políticas integrantes desta Corporación, escoitándoas e a súa disposición sempre que sexa preciso.

Mais nada e moitas grazas.”

Na seguinte quenda intervén o Sr. Alcalde D. Manuel González López, que realiza a seguinte intervención:

“Moi bo día a todos e a todas,

En primeiro lugar, quero comezar a miña intervención pedindo desculpas en nome do Concello de Outes, institución que aínda represento, polo espectáculo ofrecido por unha parte da corporación municipal nas últimas semanas e que remata, polo momento, co debate desta legal, pero infame, moción de censura presentada polo Partido Popular e polo concelleiro transfuga do partido socialista.

En segundo lugar, en relación aos motivos da moción, que agora acaba de mencionar o candidato á alcaldía, só teño que dicir que son simples e burdas excusas, que só sirven para agochar os verdadeiros motivos da mesma: Ocupar o



poder a toda costa, o antes posible e apoiándose nun concelleiro que traiciona as súas siglas, siglas sen as que non tería representación, e que traiciona o acordo asinado hai case dous anos, con BNG e Compromiso Outes, por motivacións que aínda non deron a coñecer, pero que todo o mundo intúe cales son.

A realidade é que non hai ninguha razón de peso que xustifique esta moción, non pasou nada coa gravidade suficiente que se derivara da xestión do noso goberno, que a poida xustificar. O único, repito, son as ansias do candidato popular por ocupar canto antes a alcaldía apoiándose dun concelleiro tráfuga e, se acaso, aproveitar a xestión que o noso goberno realizou nos últimos anos para tratar de apropiarse dela. Porque o certo é que este goberno nin deixa débedas nin deixa unha situación económica calamitosa, como están dicindo, pero sen embargo o que si deixa enriba da mesa son investimentos por perto de 2,5 millóns de euros para executar entre 2025 e 2026, investimentos que non son froito do azar nin da casualidade senón que responden á planificación e ao traballo realizado nos últimos anos, e que van destinados a:

- Arranxos de camiños e de estradas en todo o termo municipal*
- Melloras en núcleos de poboación como os de Outes, Lagoa, Os Muíños, Lestelle, Cambeiro, Sendón, Braño, Cando de Arriba ou Catasueiro, entre outros.*
- Melloras nas infraestruturas deportivas: como o cambio de céspede do campo de fútbol, ou a mellora das luminarias no pavillón e no campo de fútbol.*
- Melloras de eficiencia enerxética, como o cambio da cuberta do centro social ou a instalación de fotovoltáicas na EDAR,*
- E outras moitas obras en materia de humanizacións ou melloras na rede de saneamento e abastecemento de auga, por exemplo.*

Porque, ao contrario do que se sostén nos argumentos falaces desta moción, este goberno deixa unha EDAR funcionando, deixa unha escola infantil prestando servizos, deixa servizos de conciliación que non existían, deixa o primeiro museo da capintería de ribeira de Galicia, deixa unha axencia de desenvolvemento que apoia aos emprendedores a negocios existentes, e deixa encamiñados proxectos tan importantes como o da creación de chan industrial, e tantas outra cousas que os gobernos do Partido Popular nin quixeron nin souberon abordar.

Por iso se presenta agora esta vergoñenta moción de censura, que polo que puidemos ver na prensa, se fai a cambio de darlle un posto no goberno a un concelleiro tráfuga, e quen sabe se algo máis. Pois ben, xa saben perfectamente que ese acordo de goberno, sexan cales sexan os termos do mesmo, máis tarde ou máis cedo, será papel mollado. Será papel mollado porque vostedes, os grandes xestores, descoñecían as normas que regulan este tipo de situacións. E descoñecían, agora xa non porque xa teñen o informe da señora secretaria ao respecto, que un concelleiro tráfuga, que unha vez que culmine a súa expulsión do partido socialista pasará a ser concelleiro non adscrito, non deberá nas circunstancias que concorren neste caso, ocupar posto ningún nun



*gobierno resultante dunha moción de censura, e moito menos, cobrar salario ningún do concello de Outes. Vostedes saberán o que farán.
Xustiza poética, señor Caamaño, xustiza poética. E teña vostede coidado, porque Roma non paga traidores.*

Señor Calo, permita que me dirixa agora a vostede. Tiña vostede dúas vías, dous camiños para chegar á alcaldía. O primeiro algo máis lento e máis incerto, pero o máis digno, era conseguir a alcaldía grazas a unhas eleccións que lle deran o suficiente apoio para ser alcalde, tal e fomo fixeron os seus predecesores no PP, o señor Gonzalo Pérez Villaverde ou o señor Carlos López Crespo. E tiña un segundo camiño, máis rápido pero tamén menos digno, que era pactar unha moción de censura cun concelleiro tráfuga. E vostede escolleu o segundo camiño, señor Calo. Mire, non sei o longa que vai ser a súa carreira política, pero si sei que no seu currículum haberá sempre unha tacha, un borrón, que será esta moción de censura.

E quero dirixirme xa para rematar aos meus compañeiros. Primeiro os compañeiros do actual goberno, os concelleiros do BNG, para agradecerlle o traballo desenvolvido nestes case dous anos. E en segundo lugar, e de maneira especial, aos meus compañeiros de Compromiso, tanto os que conformaron e conforman o goberno municipal como aos que formaron parte das distintas candidaturas. Primeiro, para agradecerlles o traballo feito. E, segundo, para dicirlles que temos que estar orgullosos do feito e do conseguido. Fomos quen de cumprir grande parte do noso contrato cos cidadáns, pois diso se trata a política. Seguramente cometemos erros, porque aquí ninguén nace aprendido, pero tamén houbo acertos e sobre todo gobernamos con honestidade e boa fé. E fomos quen de contribuír á normalidade política do noso concello, sendo a primeira forza política que, por dúas veces, foi quen de arrebatarlle democraticamente o poder a uns señores que pensan que o concello é deles, que as institucións son deles, e que eles son os únicos con dereito a estar no goberno. Pois non, as institucións son do pobo e o noso traballo, compañeiras e compañeiros, abriu o paso a que no futuro volva haber un goberno progresista e galeguista no noso concello. E podemos levar a cabeza ben alta, porque a dignidade, mesmo vencida, non deixa de ser dignidade.

E remato, agora si, agradecéndolle aos veciños e veciñas de Outes a posibilidade que me deron de ser alcalde do meu concello. Estarei eternamente agradecido pola oportunidade e polo moito aprendido neste tempo.

Moitas grazas."

Seguidamente, interveñen os voceiros dos grupos políticos municipais, en primeiro lugar, D. Anxo Núñez Fernández, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), quen se expresa nos seguintes termos:

"Mirade un momento ao concelleiro Jose Antonio Caamaño.



Agora, mirade outro momento ao candidato desta moción, Francisco Calo Abelleira.

Estas son as dúas persoas, os dous grupos que nos últimos meses se adicaron a facer de Outes un espectáculo e a autonomarse os heroes dunha crise que eles mesmos inventaron. Un deles é o voceiro do Partido Popular e o outro o candidato tráfuga do Partido Socialista. Que teñen en común estes dous partidos? Supostamente non se presentan ás eleccións como alternativa o un do outro? Que teñen en común estas dúas persoas?

Eu teño moi claro: o que estamos a vivir estes días é o secuestro do concello única e exclusivamente co fin de satisfacer os intereses persoais e económicos dun e as ansias de poder e cálculos electoralistas doutros. Todo a costas da veciñanza de Outes.

De súpeto, da nada, logo de acordar importantes investimentos para o noso concello e de funcionar con absoluta normalidade coma goberno comezaron unha sucesión de eventos unilaterais dirixidos a deixar na opinión pública que había problemas no goberno cando a realidade era que viñamos mantendo o ton cordial e construtivo de sempre nas reunións semanais que facíamos dende o executivo. O propio Antonio Caamaño declarou a semana pasada ao xornal El Correo Gallego que xa tomara a decisión de abandonar o goberno o pasado mes de novembro. Como se entende entón que en Xaneiro fixera unha reflexión pública sen antes dicirlle nada aos seus compañeiros de goberno?

Vou repasar os sucesos desta trama:

- 1. Decisión tomada e probable negociación co PP no mes de novembro ou antes*
- 2. No pleno de decembro fai unha intervención vergoñenta para amosar un suposto desgaste*
- 3. En xaneiro publica na prensa a falsa reflexión pública ao estilo Pedro Sánchez*
- 4. Dalí a un mes, e non en 5 días, dimite supostamente e segundo as súas palabras por culpa dun espello e dúas farolas que estaban sen arranxar*
- 5. Unha semana exacta despois presenta co grupo municipal do PP a moción de censura*

Isto é unha auténtica tomadura de pelo aos Outenses, un atentado contra o sentir maioritario da veciñanza expresado nas urnas do 2023 e un acto de corrupción ética e política. Se no mes de novembro xa estaba tomada a decisión o que foi acontecendo nas seguintes semanas foi a creación dun relato de desgaste interno no goberno para poder xustificar o inxustificable: unha moción de censura anti-natura que non atende a motivos políticos. Esta moción preséntana só por motivos económicos e persoais que aínda están por coñecer



se é que algunha vez saen todos ao público. O interese do Partido Popular está claro: chegar ao goberno de Outes a calquera prezo, aínda que sexa mercando voluntades e abusando da norma. Hoxe están a secuestrar o concello de Outes.

É realmente triste ver como uns poucos pretenden tumbar con xogo sucio a un goberno lexítimo que estaba funcionar correctamente mañás, tardes, noites e fins de semanas, o tempo que fixera falla. Quero agradecer a Manuel González, alcalde, e ao resto de compañeiros que facemos parte deste goberno polo ton cordial e construtivo que mantivemos sempre dende o primeiro momento. Este goberno estaba a conseguir fondos doutras administracións para levar adiante iniciativas necesarias no noso concello. Un goberno de coalición que apenas ten un ano e medio de recorrido pero que deixa os deberes feitos con case 2,5 millóns de euros en 50 obras aprobadas para executar ao longo deste ano: A renovación do campo de fútbol, o cambio da cuberta da piscina, o cambio a luminarias LED nas instalacións deportivas. A nova sede da escola tradicional na escola vella de Roo, o cambio da cuberta da escola de música, o cambio de cuberta do centro social, as humanizacións de doutor esperante, da Praza do Concello e o remate da rúa da Capela. A renaturalización do paisaxe e o miradoiro de Vista Alegre. O asfaltado da rúa do Cristo na Serra. A creación de novas sendas peonís entre a praza do bosque, a piscina e o Areal. A mellora de camiños en Ousesende, Gulfián, Brión, Viladomonte, Famelga, Costa da Grela, Braño, Viro, Siavo, Mirás, Cambeiro, Albeida. A mellora do acceso á variante en Viro. O arranxo de estradas en Ribas de Mar, Seilán, Vilardigo, Ánseres, Cernadas, Ribeira do Freixo, Lestelle, Esperante. A mellora de saneamento e pavimentación de lugares en en Outes, os Muíños, Cruceiro de Roo, Lagoa, Famelga, Cambeiro, Moledo, Sendón, Cando de Arriba, Catasueiro, Lantarou.

Un goberno que, pese os bulos e fake news estaba a pagar en tempo e forma aos provedores e tiña unha previsión económica correcta tomando as decisións necesarias para que as contas municipais estiveran saneadas. Un goberno que deixa aprobado o solo industrial polo que o Partido Popular non movera nin un dedo. Este goberno apostou por estimular e impulsar os novos emprendedores e a creación de emprego no noso concello. Coidamos do rural pelexando coas administracións e empresas para asegurarse de que non queda unha soa aldea sen servizos e telecomunicacións como por exemplo poñendo a fibra óptica na parroquia enteira de Outes e lugares como Cabanamoura e moitos mais, ou as novas torres de telefonía que conseguimos a través de un acordo en Santo Ourente e Roo. Consequindo recuperar paradas de bus en San Lourenzo ou en Tarás. Un goberno que aposta pola cultura e o turismo de calidade e que quería poñer a Outes coma referente neste eido e en tantos outros. Un goberno con capitán e contramestre.

En resume: un goberno que estaba a traballar a toda vela e coas ideas ben claras.

Ese, e non outro, é o motivo polo que agora presentan a moción, porque queda



feito o traballo que non se ve, o de planificación e deseño. Queren vir, agora, e facerse coa alcaldía e lucir as obras que xa estaban programadas.

Por moito que mintan e por moito que insistan esta moción de censura non a fan para salvar a Outes, fana para salvarse a si mesmos. Se tan seguros estaban de que ían gañar as eleccións no 2027 como é que non agardan a que a veciñanza decida por si mesma? A realidade é que sabían o que estábamos a facer, e que o estábamos a facer ben, e por iso, e non por outro motivo, era necesario frearnos. Precisaban asegurarse de estar na alcaldía cando chegaran as vindeiras eleccións.

Esta moción de censura e o circo mediático que montaron tanto o Partido Popular como Antonio Caamaño fanlle dano ao concello de Outes e á nosa veciñanza. Faille dano porque en troques de empregar os seus esforzos en construír en positivo adicáronse a destruír e facer ruído, porque obrigaron a desperdiciar tempo e esforzo a este esperpento, porque o barullo e o bochorno mediático ao que someteron o nome de Outes tardará moito tempo en limparse. Esta é unha gran mancha na historia do noso concello.

Estes son os tipos de accións que difaman á política en xeral e promoven a desconfianza nas administracións públicas. A política, para nós, é unha maneira de facer as cousas, unha maneira de ver o mundo, é a ferramenta para mudar a vida da cidadanía e traballar por un futuro mellor. A veciñanza votounos para gobernar, para dar resultados, para tomar decisións. Non nos votou para os espectáculos, chanchullos e mercadeos que viñeron facer hoxe.

E permitídemme ademais defender o papel da política. Eu crieime como sabedes todas e todos vos nunha tenda, de cara aos veciños, e aprendín dende moi pequeno a escoitar á xente, a escoitar os seus problemas. Nun momento de crise mundial onde todo o mundo tiña padecementos e necesidades, eu escoitaba tódolos días as situacións que vivían os nosos veciños. Sen saír desas catro paredes, aprendín e vin moito mundo, e coñecín aos outenses e os seus problemas. E decidín, ao longo dese tempo, que algo había que facer, que había que involucrarse, para mirar polo ben común, non polo ben de un mesmo.

En política hai diferentes maneiras de chegar ao poder, nós co apoio da veciñanza pero, con esta moción de censura, o Partido Popular xa leva unha alcaldesa nomeada a dedo, que, como vimos hoxe, previsiblemente será a alcaldesa na sombra, e un alcalde que quere entrar comprando ao representante dos veciños que votaron ao Partido Socialista.

Fran Calo, de verdade estás disposto a todo para chegar á alcaldía? Estás seguro que logo deste bochorno público unha das primeiras cousas que vas facer é cometer prevaricación para cumprirlle o gusto e darlle salario e cargo a Antonio Caamaño? De verdade vos creedes as vosas proclamas de transparencia cando aínda non fixéchedes público, se quera, o voso pacto de goberno? Cando nós



chegamos ao pacto de goberno, o primeiro que se fixo foi publicalo ante a veciñanza de Outes. Ten que ser ben triste convertirse en alcalde pola porta grande da corrupción política. Con isto xa nos podemos imaxinar, por desgraza, que lle deparará a Outes nestes anos que veñen.

Antonio Caamaño, estás seguro do que estás facendo? Non ves que che enganaron e enganan todo canto queren? Liches ben o informe sobre as consecuencias que che traerían estas decisións erradas?

Se calquera dos concelleiros que asinachedes a moción de censura aínda vos queda un mínimo de dignidade, aínda vos queda algo de amor por este concello e a súa xente, se aínda tedes algo de respecto por esta terra: hoxe tendes a última oportunidade para arranxar esta situación mudando o sentido do voso voto. Se finalmente, pola contra, decidides aprobar esta moción a vosa traizón ao pobo de Outes quedará gravada por sempre.

Ao comezo da miña intervención pedinvos que mirarades para os dous responsables directos deste día fatídico para Outes. Agora, para rematar, vouvos pedir que olledes para nós.

Con isto, quero dirixirme a todas e todos vós: á veciñanza de Outes. Se sentides, coma nós, carraxe e decepción ante esta situación, se sentides que isto non debería pasar pídovos que fagades de altavoces para pregoar isto na rúa, nos bares, coa familia e coas amizades. Pídovos que gardedes ben na memoria o día de hoxe e o teñades en conta, que as inxustizas non nos ceguen e non nos deixen indiferentes. Sabede que en nós sempre atoparedes quen vos escoite e quen se preocupe polo concello e as necesidades do pobo. Sabede que en nós teredes unha oposición constructiva, traballadora e atenta. Sabede que non imos a rendirnos, que imos a traballar para volver e para cumprir co pobo. Sabede que foi, para min, un pracer e unha honra servir este tempo como tenente alcalde e concelleiro do goberno de Outes e que seguirá a selo como voceiro do BNG na oposición de prosperar esta moción.

Por Outes, para Outres e sempre en Outes!"

Finalmente, concédese o uso da palabra a D. José Antonio Caamaño Lestón, voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, quen realiza a seguinte intervención:

"Bos días a todos.

Vou pedir, antes de nada, que miren ben ó candidato Anxo Núñez, que lle devolvo a cortesía para que se fixen nel. Este é o seu teniente de alcalde actual, que con dedicación exclusiva entra a traballar tódolos días as 10 da mañá. Pero bueno, non quero entrar en leas persoais.



Hay 6 anos que me embarquei nun proxecto que quería defender e mellorar o día a día dos veciños e veciñas de Outes, para todos, independentemente da súa ideoloxía política ou do que votasen nas urnas. Esa foi sempre a miña intención e o sentido común, fixo que a veces apoiáramos Mocións do BNG, do PP ou de Compromiso, porque entendíamos que era o mellor para os veciños e veciñas do Concello.

Hay case dous anos, as urnas decidiron que o meu voto e o do Partido socialista tivese que decidir entre, apoiar ó alcalde Manuel González, logo de gobernar 4 anos en solitario e perder o apoio da maioría simple que tivo no ano 2019, ou apoiar a Francisco Calo que viña de obter esa maioría simple nas urnas.

Pois ben, daquela o sentido común que nos goberna e nos gobernou durante estes 6 anos, decidíu que o mellor era apoiar a Manuel González e ver, si formando parte do goberno, éramos quen de mellorar a situación deses 4 anos anteriores e mirar de verdade polo día a día da xente do noso concello. Había xa daquela xente que estaba a favor desta decisión e xente que estaba en contra, o que me demostrou, que fagas o que fagas, nunca vai ser a gusto de todos, polo que decidimos seguir coa nosa liña de actuar con Sentido Común, e así o tentamos facer, pero neste ano e medio que levamos, non vimos ou non sentimos, por parte dos veciños ese cambio que tratábamos de levar adiante. E non é que non o vira eu e que nas propias reunións cos simpatizantes do Partido Socialista, afirmábase que non íbamos a ningún lado, que éramos uns inútiles gobernando e que tíñamos todo abandonado. Un simpatizante nunha destas reunións sorprendeu a todos decindo e cito textualmente; “Non facedes nada, tendes todo abandonado, tendes todo feito unha porquería e para as próximas eleccións, non nos votan nin os nosos”. Pero non foi só ese, por eso, a miña decisión foi traer ó partido a nivel provincial a Outes e que oíran das súas bocas o que se estaba vendo e sentindo no Concello. E así o viron.

Que este era un goberno unido, forte e sin fisuras nunca o escoitarían da miña boca porque dende os primeiros días de goberno xa se veu quen tiña afán de protagonismo e quen pisaba a quen fixera falta, ,incluso a súa ex n.º 1 no partido.

Agosto 2023, lémbrolles que arrancamos en xullo, o primeiro día que vou a piscina municipal como concelleiro de deportes, acompañado do teniente alcalde, a presentarnos e ver como estaba a instalación, logo de saír, e as dúas horas aproximadamente o Sr. Anxo Núñez publica no seu perfil de facebook persoal o que pensa facer él na piscina, sen falar con ninguén nin ter reunión alguna no concello, e tratándose ademais dunha infraestrutura da área de deportes. 15 días despois, trofeo piragüismo Eurorexión, están para a entrega de trofeos o alcalde en funcións Anxo Núñez, a deputada Mar García en representación da Deputación da Coruña e o que fala como Concelleiro de Deportes. Acóplase para as fotos por decisión propia e do teniente de alcalde a súa n.º 2 Soledad Agra. Pois ben, sepan vostedes que de 6 fotos publicadas polo departamento de comunicacións do noso concello, (área que levan os do BNG),



de 6 fotos publicadas en 5 saen os 2 representantes do BNG e o concelleiro de Deportes só sae en 2.

En Outubro do 2023, logo de poñerme eu en contacto cos compañeiros Socialistas da Deputación da Coruña para manter contacto directo con eles e organizar algunha reunión, chega un día a concelleira de turismo decíndome, mañán tes reunión co deputado de deportes (do Psoe) Antonio Leira, que xa falei eu con él, evidentemente SALTEI e escoitáronme nos pasillos do Concello decíndolle que a ver quen era ella para xestionar a miña axenda (ahí apareceu o alcalde para aplacar os ánimos). E uns meses despois xa falou ela coa deputada de Obras que iba vir a Outes cuns proxectos que xa ela lle había levado polas carreteras provinciais (x certo, obras que só lle afectaban a carretera de Santo Ourente, polo que eu lle dixen na propia reunión, que a de Valadares que agora se vai amañar e a de Cando que tamén eran da Deputación e tiñan falta de arreglos. Pero o problema é que nos colleu a todos por sorpresa, porque ninguén sabía que íbamos ter esa reunión nin habíamos falado con anterioridade do que faría falta expoñerlle a Deputada de Obras. E aínda publicou no seu facebook persoal a frase textual: "ONTE TROUXEN A DEPUTADA DE VIAS E OBRAS....." Esto para o BNG é normal.

A famosa imaxe corporativa do noso concello, urxía tanto según o BNG que se fixo tan a correr, que logo, ata se molestaron os do propio BNG de Pontevedra porque é un calco da súa. Pero este detalle ten tela ademáis porque, ante a premura imposta polo BNG, decidiron facer unha votación entre os 7 membros do goberno municipal baraxando 4 posibilidades Mar en Ondas con coroa que tivo 3 votos, Mar en Ondas sen coroa que tivo 2, Mar en pico sen coroa que tivo outros 2 e mar en picos con coroa que tivo 0 votos. Pois sepan vostedes que a que tivo mais votos por parte do goberno non é a que temos agora, NO, porque resulta que a coroa non lles iba ben ós do BNG e sacaron adiante a que eles quixeron. Esta é a conducta dos compañeiros do BNG, esta é a democracia do BNG. Só vale o que a min me interesa. E que me dín vostedes, da 1ª cabalgata de Reis deste goberno, cando para repartir o chocolate ós nenos e á xente que alí se acercou, estaban os integrantes da lista do BNG, (Facendo un uso partidista do seu posto no concello.)

Podo seguir, co izado da bandeira galega no Náutico do Freixo, sin avisar a ningún compañeiro do goberno, coa asociación Agaela, coa feira do Nadal do noso concello, coa cor que había que poñerlle o pabellón da Serra, coa comida dos maiores se é de festexos ou da área social, a presentación dos orzamentos do 2024 que tiñan que ser dúas presentacións, unha por parte de alcalde e outra do teniente alcalde. Da igual, isto para algúns é normal e aquí todo vai ben, problemas aquí, non ohh, mentras se faga o que digan os do BNG todo vai ben, e o problema real foi que o noso Alcalde, o de todos nós, nunca, nunca lles parou os pés, porque non fora que se enfadaran. Claro como o do Psoe é mais tranquilo e non protesta, todo amañado.



Acaso cando chegaban as subvencións ó concello debatíanse antes de enviar propostas?? Non. Aquí cada un que colla a súa e que faga o que queira. E as que non veñen con nome de concellería? Esas xa as xestiona directamente o alcalde,as do GALP, GDR, melloras de enerxía, xa él ten proxectos feitos de antes e que lle hai que dar para diante. Obras, claro que se fixeron e se farán, pero a min preocúpanme as obras que nos afectan no día a día e non as que ningún veciño nos pide.

Temos no náutico do Freixo onde van os rapaces facer vela, nos vestuarios unha parede que calquera día cae enriba de alguén e non se amaña, o pabellón do Cruceiro de Roo, está sin poder usarse por non atallar os problemas que ten a través de algunha obra, pero o mais preocupante é que alí se facían festas de cumpreanos e que non sabemos nin siquiera aí a auga das villas está en condicións de poder beberse. ¿E sí mandamos a algún neno ó hospital por culpa desto? No propio concello, dende que eu entrei xa me amosaron como chovía dentro, si si. Chove do concello tanto na parte do xuzgado como en servizos sociais, pero eso non corre presa, e mais importante traer un mirador de paxaros para vistaalegre de 80.000 ou unha escaleira de 100,000 euros para a casa da cultura obra, por certo, que trouxo o Sr. Alcalde da Xunta de Galicia sen poñela en coñecemento do grupo con anterioridade.. Esas son as urxencias deste goberno que nos abandoamos.

E falando do Sr. Alcalde, en Xullo do 2023 colleu vostede o bastón cunhas gañas e unha rabia contida impresionante, aínda que non se dou conta de que tiña o bastón o revés, que ó mellor xa era premonitorio de que íamos ir cara abaixo. Pero como dígo, en xullo do 2023 orgulloso de ser alcalde por segunda vez, e resulta que nin un ano despois decide convencernos a todos de que o mellor para os veciños e veciñas de Outes, é que vostede volte a Universidade a dar as súas clases e que así vai atender igual ou mellor aínda ó noso Concello. Como puideron comprobar no pleno correspondente xa lle dixen, que iba ter o meu apoio porque estábamos no mesmo equipo, pero que os veciños e veciñas que se que se acercan ó concello a quen veñen a buscar é o Sr. Alcalde e sí vostede non está malo. Fíxense vostedes que eu tiña tan claro que esa decisión non nos levaría a ningunha parte que lle ofrecín ó alcalde que Puxera a Alba Quintela de Alcaldesa, e que él gobernara dende como tte. Alcalde, que así os veciños terían alguén a quen ver e a quen acudir e que por suposto que iba a ter o noso apoio nesa decisión, pero saben cales foron as súas verbas, AHH NON AQUÍ O ALCALDE SON EU. (De verdade que ata o sentín, porque si a alguén lle teño que recoñecer a súa labor e o seu traballo no Concello durante este ano e medio é sen dúbida a Alba Quintela.)

Para aqueles que agora dín ou afirman que o voto dos socialistas non vale para esta moción, eu ei de decirlles que cando eu collín as rendas deste partido, o primeiro para min, eran os veciños e veciñas de Outes e o seu Benestar e logo o Partido, así que o igual que a Sra. Ana Pontón lle dixo a semana pasada ó Sr. Rueda: "Deixe dunha vez de lado as cores do seu Partido e mire polos galegos e



galegas do noso país”, eu dígolle os socialistas de Outes que miren máis alá, que pensen si esto estaba ben, si esto funcionaba?, que pensen no ben dos veciños e veciñas do noso concello e que apoiem de verdade un cambio que sexa bo ou mellor para os veciños e veciñas de Outes. Poque estou seguro que si houbera outro partido ó que apoiar para cambiar este goberno, ahí sí o apoiaríamos todos os socialistas. Eu xa sei que o mais fácil sería seguir cobrando aínda que non mellorara nada no concello, Aínda que desaparecéramos nas próximas eleccións, e non facer nada ó respecto, eso sería o máis fácil, ¿eso é o que defendemos os socialistas? pois eu non valgo para eso.

Acaso aqueles que votaron a Compromiso sabían ou esperaban que o seu Alcalde ía marchar para Universidade despois de un ano de mandato?

Acaso aqueles que votaron o BNG esperaban que o seu portavoz no concello e 1ºteniente de alcalde, que ten dedicación exclusiva, entre a traballar no Concello as 10 da mañán todos os días??

Cando un vota, faino co convencemento de que fai o mellor para a gran maioría, despois os seus representantes toman unhas ou outras decisións cas que un estará mais ou menos dacordo. Eu Mesmo votei ó PSOE Nacional esperando que as políticas a seguir, foxen as mellores para todos, e sen embargo non estou dacordo nos pactos que se están a levar adiante cos Independentistas Cataláns. O mellor preferiría facer un GRAN pacto de estado con outras miras, pero, quen toma esta decisión?, os meus representantes electos.

A día de hoxe, e vendo que non fomos quen de cambiar o rumbo que traía o goberno anterior, e vendo como nos preocupaban certas cousas vanais máis que o día a día dos veciños e veciñas de Outes, tomo a decisión de apoiar, non ó Partido Popular, non, se non a Francisco Calo, outro alcalde ou outro grupo que, en principio, vexo mais comprometido a día de hoxe no seu afán de mellorar o día a día da xente.

Por eso, igual que hay un ano e medio decidimos apostar co meu voto por un grupo de goberno e vin que esto non resultou, nin cubreu as nosas expectativas, hoxe apostado por outro grupo, que poderá sair ben ou sair mal, pero saía como saía xa serán os veciños e veciñas de Outes nas vindeiras eleccións os que deberán tomar a decisión de refrendar unha postura ou outra.

Nada máis. Moitas Gracias”

Finalizadas as intervencións dos membros da Corporación, **procédese á súa votación**, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR	7 votos
VOTOS EN CONTRA	6 votos
ABSTENCIÓNS:	0 votos



Á vista do resultado da votación, e **habéndose obtido a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, a Presidenta da Mesa declara que a moción de censura prosperou**, proclamando Alcalde ó candidato proposto, D. Francisco Calo Abelleira que toma posesión do cargo neste mesmo acto tomándosele pola Presidenta da Mesa de Idade xuramento ou promesa do mesmo conforme á fórmula legal que establece o RD 707/1979, de 5 de abril, regulador da forma para toma de posesión de cargos ou funcións públicas:

“Xuras ou prometedes pola túa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Alcalde do Concello de Outes con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”

Ao cal responde: “Xuro”.

De seguido, a Presidenta da Mesa de idade procede a entregarlle o bastón de mando ó Sr. Calo Abelleira, quen pasa a exercer a Presidencia da sesión, e pronuncia o seguinte discurso:

“Chegado este momento vou dar unhas palabras dirixidas aos veciños e veciñas de Outes, pero non quero comezar a miña intervención sen ter un recoñecemento ao alcalde que me ven de preceder no cargo. O feito de que sexamos críticos coa súa xestión non me impide afirmar que, como alcalde de Outes que foi, sempre será merecedor dun particular respecto nesta casa. E digo máis, prestarei especial atención aos seus argumentos, malia que entenderá que o novo equipo conta coa lexitimidade dunha maioría de veciñas e veciños para enfocar doutro xeito a solución aos problemas.

Hoxe é un día de gran importancia para o noso municipio e para todos os que formamos parte do mesmo.

Con humildade, responsabilidade e unha profunda gratitude, asumo a honra de representar o noso concello como o seu novo alcalde.

Quero comezar expresando o meu sincero agradecemento a todos aqueles que depositaron a súa confianza neste proxecto, aos meus compañeiros de equipo, á miña familia e, sobre todo, a todos os veciños deste concello.

O que queda de mandato non é só un compromiso persoal, senón un pacto con todos vos para traballar polo ben común. Asumo este reto con plena conciencia das necesidades e os desafíos aos que nos enfrontamos.

Sei ben que as necesidades e as lexítimas expectativas das veciñas e veciños son diversas e, en todo caso, moi superiores aos recursos. E por iso me comprometo a priorizar as actuacións municipais do xeito máis xusto e obxectivo. A maiores, obter máis recursos será un dos obxectivos do meu mandato.

O noso concello ten un enorme potencial, e é noso deber convertelo nunha realidade palpable para todos. Por iso, comprométome a encabezar un goberno



baseado na transparencia, na participación cidadá e a eficiencia na xestión.

Os nosos esforzos centraranse en fortalecer os servizos públicos, promover o desenvolvemento económico local, garantir o benestar social e fomentar un crecemento sostible que respecte a nosa contorna.

Queremos un concello máis inclusivo, onde ninguén sexa excluído e onde a voz de cada cidadán sexa escoitada e tomada en conta. Hoxe máis que nunca, é momento de unidade e colaboración.

Traballaremos de xeito conxunto con todos os sectores da nosa sociedade, coas institucións, cos emprendedores, cos mozos e cos nosos maiores, para construír xuntos un futuro mellor.

Non será un camiño fácil, pero con esforzo e diálogo, lograremos que o noso concello avance cara ao progreso e a prosperidade.

Desde este momento, estarei a vosa disposición e as portas deste concello estarán abertas para todos. Quero ser un alcalde próximo, accesible e disposto a escoitar e resolver os problemas dos nosos veciños.

Porque gobernar non é so xestionar os recursos, senón servir e atender as necesidades de todos os veciños.

Queridos veciños e veciñas, hoxe renovamos a esperanza e reafirmamos o noso compromiso co futuro, xuntos, con traballo e dedicación, construiremos un concello que todos queremos e merecemos.

Agora toca empezar a traballar.

Mais nada. Moitísimas gracias.”

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as 13:10 horas, de todo o cal como Secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

